

ORDENANZA FISCAL NÚM. 11.- REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

ARTÍGO 1.-

FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto na lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de Administración por determinados documentos que expide ou que entende a administración municipal ou as autoridades municipais a instancia de parte, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTÍGO 2.-

FEITO IMPOÑIBLE.

Está determinado pola actividade municipal desenvolvida con motivo da tramitación ou expedición dos documentos para verifica-los extremos a xustificar ou facer constar no mesmo.

ARTÍGO 3.-

SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que non se interese redunde a tramitación do documento ou expediente do que se trate.

2.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e ss. da lei Xeral Tributaria.

3.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos impostos e co alcance que sinala o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

ARTÍGO 4.-

TARIFA.

a) Por cada bastanteo de poder, efectuado polo Secretario Xeral	6,60.- €
b) Por expedición de cédulas de habitabilidade	32,85.- €
c) Por expedición de licencias de primeira utilización, por cada vivenda de que conste o edificio	32,85.- €
d) Certificacións de informes emitidos por Técnicos Municipais a petición de parte.	21,85.- €
e) Certificacións de cualificación urbanística	21,85.- €

f) Por cada instancia que se dirixa interesando licenzia de oras maiores ou licenzia apertura	6,60.- €
g) Por fotocopiar expediente licenzia obras maiores, por cada folio	3,25.- €
h) Licenzias para vehículos de clase A “Auto-Taxi”	43,50.- €
i) Licenzias para vehículos de clase B “Auto-Turismo”	43,50.- €
j) Licenzias de clase C “de Servizos especiais e de abono”.	43,50.- €
k) Licenzias para vehículos de clase C “Vehículos sen conductor”.	43,50.- €
l) Licenzias para vehículos non incluídos nos grupos anteriores	4,40.- €
m) Permisos para conducir Auto-taxi	6,55.- €
m) Copia do atestado realizado pola policía municipal en caso de “accidente de danos materiais”.	43,90.- €
ñ) Por exemplar completo das Ordenanzas Fiscais	32,85.- €
o) Por exemplar completo do PXOU	109,75.- €
p) Por exemplar completo do PXOU en disquete o CD	50,00.- €
q) Por cada norma zonal do PXOU	11,00.- €
r) Por cada plano	3,25.- €
o) Por cada certificación expedida dos padróns fiscais	3,25.- €
p) Asesoramento e apoio na tramitación de:	
	EUROS
Cambios de titularidade do imposto de bens inmobles	17,20.- €
Máis de cinco cambios de titularidade no mesmo documento cada unidade	8,25.- €
Segregación ou agrupación de fincas con planos por unidade resultante IBI	24,10.- €
Segregación ou división horizontal por unidade resultante IBI	20,00.- €
Altas no imposto sobre bens inmobles por unidade urbana con traballo de campo e cartografía	103,15.- €
Altas unidade urbana con división horizontal	24,10.- €
Altas con división horizontal máis de cinco unidades urbanas cada u.u.	12,00.- €
q) Dereitos de exame:	
Dereitos de exame para prazas incluídas nas ofertas de emprego	15,35.- €
Dereitos de exame para prazas de promoción interna	7,65.- €

ARTÍGO 5.-

BENEFICIOS FISCAIS.

Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.



Están exentos do pago dos dereitos de exame as persoas que concurran as convocatorias de persoal do Concello que teñan recoñecida unha minusvalidez superior ó 33%.

Tamén están exentos de pago das tarifas desta taxa os documentos que se soliciten para instar a xustiza gratuita.

ARTÍGO 6.-

NORMAS DE XESTIÓN.

1.- O Concello de Narón, ó abeiro da facultade que lle concede o artigo 205.1 “in fine”, do R.D. Lexislativo 781/86, de 18 de abril, e o artigo 26 da Lei reguladora das facendas locais, establece o depósito previo do importe da taxa obxecto desta ordenanza, a cal será esixida e devengada coa presentación da solicitude que inicie o expediente, que non será tramitado sen este requisito.

2.- A exacción destes dereitos levarase a cabo, en todo caso, adherindo ós documentos suxeitos ó pagamento, o timbre, ou efectos de valor que corresponda, expedido pola Tesourería de Fondos.

3.- Os funcionarios que teñan ó se cargo a tramitación de documentos suxeitos, non admitirán nin cursarán documento algún sen que leve adherido o timbre correspondente, sobre o que se estampará a data para inutilizalo.

4.- A tasa correspondente a expedición de copias dos atestados devengarase no intre de presenta-la solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Narón. Para elo se lles facilitará un impreso de autoliquidación o declaración liquidación das taxas ós contibuíntes.

ARTÍGO 7.-

INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo.